

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO ANTIGO PAVILLÓN DA ESCOLA ANEXA DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean a os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 94, do 16 de maio) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, **D. Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), quen actúa en nome e representación desa institución en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, do seu nomeamento e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e polo Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, sito na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.

Cada un deles, na respectiva representación que lles corresponde, mostran a súa conformidade e poñen de manifesto:



## ANTECEDENTES

I. O artigo 53 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, atribúe a competencia xenérica de coordinación entre as universidades que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG) á consellería competente en materia de universidades da Xunta de Galicia, ademais de reforzar a obriga de facilitarse entre si e proporcionarse mutuamente tanta información precisen no exercicio das súas competencias.

Esa competencia de coordinación atribuída á consellería obedece a distintas finalidades, das que cómpre destacar no contexto deste convenio as seguintes:

A promoción da colaboración ou cooperación entre as universidades galegas, as restantes administracións públicas e outras institucións, públicas ou privadas, estatais ou estranxeiras, cara a execución de proxectos de interese xeral.

A fixación de criterios e directrices comúns nalgúns ámbitos, como pode ser a creación, adscrición ou desadscrición, modificación e supresión de centros universitarios ou a adaptación da oferta académica de ensinanzas e da capacidade dos centros ás demandas e necesidades da sociedade.

II. Como xa advertiu a exposición de motivos da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, as relacións entre as diversas administracións públicas en materia patrimonial experimentaron un notable incremento, o que fai necesario desenvolver os medios que favorezan o tráfico xurídico público dos bens cualificados como demaniais, entre outros, introducindo requisitos e procedementos que reforcen as garantías das operacións que se deriven dese tráfico. Con esta finalidade acódeuse a figuras que, en moitos casos, xa estaban contempladas na lexislación sectorial para supostos concretos e determinadas clases de bens, tal e como aconteceu co cambio de titular na lexislación de



carreiras e na de universidades, como as adscricións ou as mutacións subxectivas, dando a todas elas un carácter máis xeral.

III. De acordo co disposto no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Foirmación Profesional e Universidades, esta ten encomendada a organización, coordinación e supervisión da xestión administrativa do patrimonio adscrito á Consellería. Doutra banda, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería efectuarase o seguimento e control da execución dos contratos e convenios con outras administracións para a execución de obras no ámbito educativo.

Entre o patrimonio adscrito para os efectos deste protocolo, a consellería conta cun centro de educación infantil e primaria coa denominación oficial de CEIP-Anexa, que se sitúa segundo o Rexistro de centros da consellería no número 6 da avenida Ramón Ferreiro da cidade de Lugo.

IV. A USC, de acordo coa previsión xeral do artigo 80 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en diante LOU), asume a titularidade dos bens de dominio público afectos ao cumprimento das súas funcións.

A administración e disposición dos bens de dominio público, así como dos patrimoniais axustarase ás normas xerais que rexan nesta materia.

Sen prexuízo da aplicación do disposto na lexislación sobre Patrimonio Histórico Español, os actos de disposición dos bens inmobles e dos mobles de extraordinario valor serán acordados pola Universidade, coa aprobación do Consello Social, de conformidade coas normas que, a este respecto, determine a Comunidade Autónoma.

V. O edificio da Facultade de Formación do Profesorado é un dos que conta cunha maior tradición no Campus de Lugo, desde a súa construción e inauguración na metade do século



pasado. Pensado inicialmente como Escola de Maxisterio pasou a integrarse posteriormente desde a década dos setenta do citado século na USC coa consideración de Escola universitaria, ata a súa denominación e función actual acordada por Decreto 233/2011, do 2 de decembro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O 19 de abril de 2021 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a USC asinaron un protocolo de colaboración cuxo obxecto foi a formalización e declaración expresa da vontade das partes asinantes co obxectivo de levar a cabo, dunha forma coordinada e en colaboración mutua, a execución das actuacións patrimoniais que nel se recollen.

Tales actuacións encádranse nun marco de reestruturación organizativa da dotación de inmobles cos que contan as institucións públicas asinantes, coa finalidade de prestar o servizo público da educación nos seus ámbitos respectivos, dotándoos dunha maior racionalidade e eficacia en función das súas necesidades.

As actuacións previstas son:

A USC procederá a cesión gratuíta da propiedade dos bens inmobles que se indican deseguido a favor da Xunta de Galicia e afectación para fins de utilidade pública ou interese social:

- Ben inmueble de dominio público denominado Facultade de Formación do Profesorado, segundo a descrición e características coas que figura no Inventario da USC, co número E-515-82 e identificación catastral 7726804PH1672N0001BB, sito na rúa Ramón Ferreiro s/n da cidade de Lugo.
- Ben inmueble de dominio público denominado igualmente Facultade de Formación do Profesorado, segundo a descrición e características coas que figura no Inventario da USC, co

Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela



número E-516-83 e identificación catastral 7726804PH1672N0001BB, sito na rúa Ramón Ferreiro s/n da cidade de Lugo.

Como consecuencia da ampliación indicada no parágrafo anterior a nova localización da Facultade de Formación do Profesorado da USC engádese, como obra nova, ao conxunto de facultades, escolas e restantes instalacións universitarias no recinto que conforma o Campus Terra de Lugo, trasladando a súa actual localización desde o centro urbano a un novo módulo integrado no Complexo docente do campus, constituído na actualidade pola Facultade de Humanidades, a Escola Universitaria de Enfermaría e a Escola Universitaria de Relacións Laborais.

Isto supón o mantemento dos estudos coa dispoñibilidade dunhas novas instalacións actualizadas, integradas no complexo organizativo do campus e acordes coa demanda do estudantado.

VI. Ata a consecución das actuacións establecidas no apartado anterior, a Facultade de Formación do Profesorado da USC, comparte instalacións co CEIP Anexa e outras dotacións educativas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. En particular, comparten o acceso ao patio de recreo e aos pavillóns de deportes que separan o patio do CEIP e lindan coa parcela da pista de atletismo, propiedade da Xunta de Galicia.

En virtude de acordos previos entre a Consellería e a USC, a universidade viña utilizando o pavillón de deportes do centro de Formación Profesional, propiedade da Consellería, como aula de expresión corporal e mais un local do inmovible que comparten a Escola e a Facultade, propiedade da USC, como aula de expresión artística. Así mesmo, o alumnado do CEIP viña utilizando o antigo pavillón, propiedade da USC, como patio de recreo para os días en que as circunstancias meteorolóxicas no permitían empregar os exteriores.



Debido ás necesidades propias do centro de Formación Profesional, xa non é posible seguir utilizando o pavillón deste centro para as clases de expresión corporal das titulacións da Facultade de Formación do Profesorado polo que a Consellería e a USC acordaron:

1. Que a USC cedese o uso da actual aula de expresión plástica como local de recreo para o alumnado da CEIP.
2. Que a USC acondicionase o antigo pavillón como aula de expresión plástica e aula de expresión corporal.

Dado o interese público na realización das actuacións necesarias para o acondicionamento do pavillón, así como o feito de que en virtude do protocolo arriba indicado, estas instalacións reformadas pasarán a ser propiedade da Xunta de Galicia cando se realice o traslado da Facultade de Formación do Profesorado ao edificio do Campus Terra, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades entende necesaria a colaboración para a realización do obxecto do presente convenio coa concesión directa dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, sobre a base das finalidades e intereses comúns que anteceden, as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

É obxecto deste convenio establecer a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a USC para o acondicionamento do antigo pavillón da Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo da USC,

Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela



situado na zona suroeste da parcela ocupada pola dita facultade, de xeito que poida usarse como aula de expresión plástica e aula de expresión corporal.

O acondicionamento do pavillón consiste en actuacións previas e demolicións, acondicionamento do terreo, reposición e illamento de fachadas e cuberta, colocación de carpinterías exteriores, división interior en aula de expresión plástica e en pista, almacén e vestiarios para a aula de expresión corporal, instalacións de saneamento, climatización, seguridade e iluminación, mobiliario específico para a práctica deportiva, e traslado do equipamento da aula de expresión plástica.

### **Segunda.- Orzamento e financiamento**

O orzamento estimado para a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio, é de 502.683,78€ (IVE incluído) co desagregamento establecido no proxecto redactado polo arquitecto Óscar Pidre Mosquera, marzo de 2022.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades achegará a contía de 100.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.422A.744.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

A cantidade que aporta a Consellería fíxase como importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións obxecto do presente convenio, de xeito que quedará por conta da USC a diferenza de financiación necesaria para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrada en tal caso a financiación da consellería unicamente polo importe que superase o custe total da actividade, ao abeiro do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

### **Terceira.- Gastos subvencionables**

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a USC como consecuencia da realización de actuacións acordadas co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2022.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### **Cuarta.- Obrigas das partes**

1. A USC, como entidade beneficiaria da subvención da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, asume as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión



e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.

4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.

b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.

c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Incluír en toda a documentación e soportes específicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.



6. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia.
7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
8. Presentar, antes da sinatura deste convenio e coa presentación da documentación xustificativa, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso as certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable, ao abeiro do disposto no artigo 11 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.
9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
10. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás



actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

11. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

### **Quinta.- Compatibilidade**

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

### **Sexta.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.



### Sétima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a USC para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a USC que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A USC será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.



c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedinte nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

### **Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento.**

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, a USC deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do procedemento PR004A, a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación, ao abeiro do disposto no artigo 48 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. En todo caso, ao abeiro do disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá

Consellería de Cultura, Educación e Universidade  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela



xustificar o gasto coa certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario. No caso de licitación das actuacións de acordo coa normativa de contratos do sector público, resolución de adxudicación do contrato á oferta economicamente máis vantaxosa.

e) Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

2. O órgano concedinte da subvención poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

3. De conformidade co artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o órgano concedinte comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.

Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedinte, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.



Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de xeito razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

4. As datas límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención serán o **15 de decembro de 2022**.
5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do seu regulamento.

#### **Novena.- Pagamentos anticipados e a conta**

1. Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50%, de conformidade co disposto no artigo 63.Dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Coa solicitude de anticipo, a USC terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

2. Así mesmo poderán realizarse pagamentos a conta. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.



3. Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC queda exonerada da constitución de garantía para os pagamentos anticipados e a conta.


#### **Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención**


1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención pola USC nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/007, do 13 de xuño e demais lexislación aplicable.

2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:

 Non realizar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.

 Incumprimento da normativa de aplicación en materia de patrimonio e/ou de contratos das administracións públicas no que resulten de aplicación.

 Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.



### **Décimo primeira.- Facultades de inspección**

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

### **Décimo segunda.- Comisión de seguimento**

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

### **Décimo terceira.- Causas de resolución e modificación do convenio**

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
  - b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
  - c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.



- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

3. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

#### **Décimo cuarta.- Vixencia do convenio**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se teñan por gastos subvencionables todos aqueles realizados a partir do 1 de xaneiro de 2022.

#### **Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector



Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

#### **Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro



regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

### **Décimo sétima.- Protección de datos persoais**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

### **Décimo oitava.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha



notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación  
Profesional e Universidades

O Reitor da Universidade de Santiago  
de Compostela

P.D. (Orde 9/02/2021, DOG núm. 31, do 16 de  
febreiro)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Antonio López Díaz

